

O significado

IVÁN GARCÍA CAMPOS

Opobre Maximino Penas só tiña unha tacha; era incapaz de pronunciar ben os erres. A mesma forma na que todos se referían a el, *pobre* Maximino, víñalle diso mesmo. Porque ese defecto na pronuncia convertéao nun xardineiro coitado, impaciente, angustiado, tímido, despistado, pálido e saudoso. Un infeliz.

Un día, alguén lle contara ao pobre Maximino que un seu tataravó tamén tivera este mesmo defecto. E que curiosamente este seu devanceiro fora cura. Ao principio a xente só acudía á súa igrexa para troulear con todas aquelas palabras atropeladas e rompentes que espetaba. Mesmo comezaran a chegar xentes doutras bisbarras máis recuadas para escoitarlle dicir misa, pois deseguido principiara a cambiarlles a letra a todas as historias do Evanxeo, das Epístolas e das vidas dos mártires, eliminando todas as palabras con erre, co que a doutrina e milagres, ás máis das veces, cambiaban considerablemente. Mais ninguén dubidaba de que era un gran predicador —contáranlle ao pobre Maximino—, un gran predicador porque basicamente predicaba con devoción.

Isto fíxolle pensar ao pobre Maximino, xardineiro municipal no Xardín dos Patos, na posibilidade de que a súa falla na pronuncia en realidade lle viñese herdada de atrás, dalgunha remotísima xeración. Así que se puxo a pescudar na súa árbore xenealóxica, soubo dun irmán do seu tataravó cura que falaba perfectamente e que, o 11 de novembro de 1914, empezou a impartir e non parou ata un ano e medio despois; a partir de aí pronunciou mal os erres toda a súa vida. Ou do caso de seu avó Constantino, carpinteiro, que fora un tipo célebre por ter un parche nun ollo, por medir un metro noventa e cinco, por falar pronunciando mal os erres e porque saíra ileso de tres fusilamentos diferentes; no Monte Aloia, en xuño do 37; na Caeira, no outubro do mesmo ano; e no cemiterio de Canido, Ferrol, en abril do 38. Ou o caso dunha curmá de seu pai que tratou de curar o defecto dos erres meténdose ovos de culebra na boca e pedriñas de río e falando en alto para fortalecer a lingua, e que acabou alcólica no manicomio de Conxo...

O pobre Maximino Penas facía un recoñecemento estrito da terra onde estaba cada planta no chamado Xardín dos Patos. Revisábaas unha a unha por ver se lles faltaba esterco, se lles sobrava auga ou se había moito que non se removía a terra para osixenar as raíces. Comprobaba que cada unha tivese o testo perfecto e se non era así replantábaas no momento do ano axeitado para facelo. Outrosí, podaba as pólas das árbores e daba conta de que os insectos non estragasen as froiteiras: retiraba a froita podre e fumigaba as ramadas con aceite fervendo e xabón diluído en auga. Todo o facía en silencio; subía e baixaba escaleiras, aparecía e desaparecía. Apenas falaba. Os compañeiros recoñecían que el sabía moitos trucos que eles ignoraban, que era un verdadeiro profesional en cada cousa que facía e que, sen dúbida, era o mellor de todos; o máis eficaz e o máis

Iván García Campos (A Coruña, 1974)

obtivo en 2008 o Premio Nacional de Narracións Curtas Modesto Rodríguez Figueiredo, instituído pola Fundación do Pedrón de Ouro, pola súa obra "Unha casa chea de xanelas". Coa súa primeira novela, *O imposible de desatar*, recibiu o Premio Blanco Amor en 2010.

eficiente. Porén, non faltaban ocasións nas que o deixaban só traballando mentres os demais tomaban os seus cafés, por exemplo; ou ben de chegaren todos tarde á primeira hora, írense cedo e aínda por riba cargalo de traballo extra; ou a de dárenlle todos ordes disto ou daquilo, ou de ámbas as dúas cousas, mais ningún deles lle botaba unha man cando o pedía; ou de ignoralo cando se trataba de repartir gratificacións ou de nunca pararse a escoitalo cando así o requiría por algunha cuestión menor.

—Pobre Maximino —dicían os compañeiros sorrindo—, que bo home é, con todo.

E pobre Maximino por aquí e pobre por alá, e unhas palmadiñas nun ombro ou un sorriso inventado, pero logo case todo o mundo o evitaba e o menosprezaba tan só por esa insignificante falla, a de pronunciar mal os erres.

Maximino soñaba unha e outra vez con que o próximo día ía ser distinto e en que por fin todo lle acabaría saíndo ben. Todos os días cismaba en cousas intelixentes que poder dicir e conseguir así a aprobación da xente, pero a súa timidez non atopaba nunca o momento axeitado para falar, ademais de que comezaba a tatabexar.

—Pobre Maximino —dicían algúns viandantes—, parece a calamidade dos xardineiros.

Moitas veces, no estanque, botándolle anacos de pan aos parrulos, preguntábase: e poderá elixir o parvo ser sabio?, ou o feo ser guapo?, ou o zurdo, destro? ou o débil, forte? E poderá?

E será posible?

Logo baixaba a cabeza e procuraba concentrarse no estado afectuoso e absorbente das cousas pequenas xunta aos seus pés; as pedras, as follas, as formigas, a herba.

Cando o pobre Maximino se decidiu a quitar ese defecto na pronuncia non o fixo, ao principio, con aberta ledicia, senón máis ben con resignación e malestar, e máis ben por razóns sociais e por vergoña que por propia elección.

O primeiro mes comezou sacando a lingua e levando a punta de dereita a esquerda e de arriba a abaixo. Tamén procurou chascar a lingua contra o padal, pero éralle moi difícil. O segundo mes o foniatra mandoulle tocar o padal por debaixo das enxibas, coa punta da lingua e a diferentes velocidades, e tamén varrer coa lingua todos os dentes de esquerda a dereita e viceversa. Maximino sentíase coma un fato, coma un mangallón xogando a ser malabarista. Cada exercicio esixíalle tanta concentración que malamente podía pestanexar. Cada vez estaba máis inquedo, máis agoniado e máis confundido. E aínda non mellorara nada, iso era o peor.

No Xardín dos Patos seguía a ser o pobre Maximino. O que scituraba ensimesmado, o que

podaba, fertilizaba, estercaba e limpaba movendo a lingua; ao que lle preguntaban se tiña muller sabendo que non a tiña; ao que lle dicían leva isto para alá e aquilo para acolá; ao que lle preguntaban, ríndose, se xa lle puxera nome a cada plantiña; se xa afiara as tesoiras de podar; se xa envolvera en follas de xornal todas as cacas de can; ou se xa limpara as arañeiras das ponlas da aciñeira de dous metros e cincocentos anos.

O terceiro e o cuarto mes fixo exercicios zugando os beizos como a boca dun peixe e tamén exercendo presión coa lingua nas meixelas coma se fose un flegmán. No quinto mes o especialista decatouse de que había que operalo do freo sublingual, e así se fixo o sexto mes. Xeralmente esta cirurxía non tiña complicacións, pero a Maximino inflamóuselle a lingua, que lle estivo sangrando durante semanas, e infectáronse as glándulas salivais. Durante dous meses non foi traballar. Ningún compañeiro o chamou. Coma sempre, deixáranlo plantado; esta era a calamidade dos xardineiros.

Un día, un responsable municipal visitouno na casa para ver como ía.

—Por que porfías? —preguntoulle o responsable.

Maximino non contestou. Pensaba que tiña un aspecto tan malo, cos ollos vermellos e a boca inchada, que preferiu non falar para non empeorar a situación. Iso si, caéronlle bágoas e bebenas, sorrindo como decote.

Cando volveu ao Xardín dos Patos atopou todo un algo descoidado. As raíces das árbores comezaran a levantar os empedrados e os letreiros que indicaban os nomes dalgunha delas estaban a piques xa de caer. Había malas herbas nas xunturas das lastras dos camiños e os enreixados dalgunhas flores estaban medio soltos por mor de que a xente comezara a utilízalos como estacionamentos para bicicletas. A herba estaba altísima, as flores maltratadas, as hedras invadían os valados, os bancos, as papeleiras e as estatuas.

Os compañeiros recibírono con bastante indiferenza. Un sorriu e deulle a man con pouco entusiasmo. Outro preguntoulle que lle pasara, apoiado nunha parede azul e cunha palla na boca. Houbo o que se esforzou en escoitalo coa atención posta noutra cousa. Pero a maioría non fixo realmente nada.

O pobre Maximino comezou por arrincar a maleza de raíz, para que non soltase sementes, e asemade retomou o duro traballo de poñerse anaquíños de galletas na punta da lingua e aguantalos contra o padal ata que se desfacían de todo. E plantou pasifloras contra o valado onde medra-

ba a hedra, mentres dobraba a lingua cara arriba e a mordía lixeiramente sen facer moita presión. Cando chegaba á casa, perante do espello, movía a lingua e a queixada mantendo as posicións uns segundos. E facía o ruído dunha moto e o rosmar dun gato. E dicía ollándose aos ollos: rrra, rrre, rrrí, rrrro, rrrru. Rrrrrrrrrrrrrrrrrrú, dicíase. E dáballe a sensación, agora si, de que estaba a medrar coma unha árbore nunha ladeira ou coma un cabalo colorado.

Cando xa pasaran dous anos, Maximino comezou falar en alto coas plantas. Falaba con elas do tempo, de viaxes, de libros, de películas e de deportes. Non falaba con elas para que medrasen grandes e sas, nin moito menos para xerar CO₂, nin para saber o que sentían, senón por el; para practicar o falar e para mover ben a lingua. Era un falar por falar, claro. Un falar para non dicir nada, só erres. Erres maiúsculos e erres minúsculos. Erres dobres e erres triplos. Erres, erre que erre. Ademais, calquera podía decatarse de que agora no Xardín dos Patos as plantas xa non estaban colocadas por cores ou especies, senón por sons. E non por casualidade.

No recuncho onde se trasplantaban algunhas árbores da cidade, normalmente por remodelacións desas zonas, Maximino plantou gladiolos e glicínias. Na praza ao redor da estatua de Rosalía plantou azucenas e azaleas. E na praza ao redor da fonte dos sete pichos plantou xacintos e xasmíns. Pero foi ao redor do estanque dos parrulos onde plantou todos os erres. Crisantemos, caraveís, rosas, xardenias, xeraniums, xirasoís, hortensias, iris, margaridas, lirios... flores que Maximino teimaba en nomear en galego e en latín, para superar por fin ese obstáculo que o condenara á timidez e ao silencio. *Chrysanthemum morifolium*, declamaba. *Dianthus caryophyllus*, *rosa*, *gardenia xasminoides*, *geranium pratense*, *hydrangea macrophylla*, *iris xermanica*, *bellis perennis*, *iris pseudacorus*... e foi así, con todo este esforzo e devezos, como despois de tres anos e medio superou a súa tacha. A mesma falla de seu tataravó cura e de seu irmán, a falla de seu avó Constantino, o carpinteiro, e da curmá tola de seu pai.

Durante un tempo Maximino foi feliz.

É certo que aínda se sorprendía escoitando a súa propia voz. Parecíalle unha voz impersoal que non recoñecía como propia e iso facíalle sentirse raro. Pero agora xa non importaba. Aquel patético defecto estaba superado e iso era o verdadeiramente valioso.

Un día, un compañeiro de traballo, sen ollalo aos ollos, díxolle:

—Mira, podes facerme un favor, Maximino? Vai ao almacén, colle a carreta e recolle as ponlas dos salgüeiros que tirou onte o vento.

Ao principio Maximino quedou sen saber que facer. Logo, pronunciando felizmente cada vogal e cada consoante, respondeu:

—O xefe díxome que sacara escallos das plantas aromáticas deste recuncho e é o que estou a facer. E logo teño que quitar varios aspersores e espazar máis os que queden, e iso xa me ha levar todo o día.

O xardineiro que estaba de pé perante de Maximino sacou unhas chaves do peto do pantalón e púxollas na man.

—Claro que si, Maximino, falas como un reló —sorriu, virouse e liscou. Outros dous compañeiros agardaban a este uns metros máis alá.

A Maximino aínda lle deu tempo a ouvir como un deles riu e o outro dixo *pobre*. Eu endexamais vos fixen dano, pensou mentres aqueles tres se afastaban. Non comprendo por que me facedes isto agora. Agora que xa son normal.

Un ceo agrisado anticipaba a chegada do inverno. As nubes levaban un ritmo doce e preguiceiro. Maximino estaba de pé entre as plantas aromáticas cunha gran tesoirá nunha man. Foi precisamente nese intre, cando o vento o envolveu no recendo anisado dos fiollos, cando se decatou de que tantos e tantos días de esforzo non fixeran senón desprazar o defecto que padecía por outro. E que este novo defecto que nacía agora no seu lugar era unha especie de sentimento de inferioridade doloroso como ningún, pois supuxera que unha vez vencida a súa falla todo volvería á normalidade. Para iso se esforzara. Pero non. Así e todo, Maximino sacou os escallos das plantas aromáticas, quitou uns aspersores e espazou outros e recolleu as ponlas caídas dos salgüeiros coa carreta.

A partir do día seguinte comezou a descoidar as súas tarefas de xardineiro e a ignorar os comentarios dos demais compañeiros, que agora si se tiveron que aplicar para que o xardín non parecese abandonado. Nas últimas horas da tarde, antes de retirarse para a casa, o pobre Maximino colleu o vezo de achegarse ao estanque dos parrulos e chamalos.

—Sei moi ben o que estades a pensar —dícialles, coidando de non levantar moito a voz. E botáballes anacos de pan segundo ían chegando. Algúns anacos de pan levaban dentro dous grans de matarratos, outros, tres.

—Sei moi ben o que estades a pensar